

AGE OF EMPIRES I

Os xogos Age of... son dos máis celebrados no que á estratexia se refire.


Comezas elixindo unha civilización á que farás avanzar na Historia. Terás que construír aldeas e cidades e aproveitar os recursos naturais ao teu redor para ampliar as túas posesións. Emprega con sentido a pedra, o ouro, a madeira, non esquilmes os bancos de peixe nin a caza, ou quedarás bloqueado sen avanzar.

Constrúe o teu exército, mellora as unidades e loita contra os teus inimigos, porque eles buscan o mesmo que ti: ser o a civilización máis avanzada.

No modo campaña podes seguir os pasos dalgún dos máis grandes guerreiros, reis e conquistadores da Historia: Solimán o Magnífico, William Wallace, Hernán Cortés, Ricardo Corazón de León...

O AOE I está ambientado no eido da Historia Antiga, Mesopotamia e Exipto. A expansión de Roma permite tamén escoller entre gregos e romanos

Na imaxe inferior podes ver unha captura de pantalla dunha partida.



O AOE II está ambientado na época medieval. Constrúe universidades e catedrais para facer avanzar máis rápido á túa civilización. A expansión Age of Kings esténdese ata a Idade Moderna, incorporando as poboacións americanas anteriores á chegada de Cristovo Colón e aos conquistadores hispanos.

A imaxe seguinte é un pantallazo do xogo.



AOE III vai un paso máis aló e nos transporta ata o Oeste americano no século XIX, a época dos pioneiros e os colonos que se estableceron neses territorios facendo retroceder aos indios nativos. O sistema de xogo é similar aos outros.

